

A crise do Antigo Réxime. A orixe do mundo contemporáneo



▲ *Unha lectura de Molière*, obra de Jean-François de Troy.

SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

No século XVIII, o fanatismo foi dándolles paso á razón, e a superstición, ao coñecemento. A razón e a ciencia convertéronse desde aquela nas verdades incuestionables para o progreso da humanidade. Todo iso implicaba unha actitude, a de atreverse a coñecer.

A defensa da liberdade, a crítica social e o afán por loitar contra a ignorancia fragmentaron en Europa as sólidas bases do Antigo Réxime. Esta nova forma de pensar, baseada nas ideas ilustradas, difundíuse rapidamente e converteu o século XVIII no Século das Luces e no xerme do mundo contemporáneo.

CONCEPTOS CLAVE: razón, dereitos, ruptura.

PUNTO DE PARTIDA

- Que che suxire a expresión Século das Luces?
- Fíxate na ilustración. A través de que medios se divulgaron o coñecemento e o pensamento ilustrado no século XVIII? Como se difundirían nos nosos días?
- Pensas que existe algún vínculo entre o acceso ao coñecemento e o avance da sociedade? Por que?

A Difusión do Coñecemento



AS ACADEMIAS

Nas academias compartían coñecementos científicos e artistas de diferentes lugares.

OS XARDÍNS BOTÁNICOS

Nos xardíns botánicos estudábanse plantas procedentes das viaxes de exploración.

OS SALÓNS

Os salóns de lectura servían como lugar de intercambio de ideas e de opinións, moitos promovidos por mulleres de alto nivel social.

A ENCICLOPEDIA

A *Enciclopedia* recompilou numerosos coñecementos para facelos máis accesibles para o público en xeral, baixo a «luz» da razón. A imprenta contribuíu a difundilos.

A PRENSA

A prensa contribuíu a que persoas moi distintas compartisen noticias, opinións, descubrimentos...

RETO

QUE VOU APRENDER?

- Coñecerei como eran a sociedade, a economía e a política no Antigo Réxime.
- Comprenderei a relevancia que tivo o pensamento ilustrado na sociedade contemporánea.
- Entenderei como eran España e Galicia no Antigo Réxime.
- Pasarei á acción divulgando coñecemento a través dunha revista.

4 EDUCACIÓN DE CALIDADE



O coñecemento e a educación son claves para saír da pobreza

A educación é un dereito humano esencial e constitúe a base para impulsar o desenvolvemento. Promover oportunidades de aprendizaxe a través, por exemplo, dunha **revista escolar divulgativa**, axuda a difundir o coñecemento e a xerar oportunidades de futuro.

1. Como eran a sociedade e a economía no Antigo Réxime

Unha sociedade estamental

Ao longo do século XVIII, sobre todo na segunda metade, a poboación europea medrou. A natalidade seguía sendo moi alta, pero a mortalidade diminuíu porque descenderon as epidemias e as malas colleitas, mellorou a alimentación e as guerras foron menos mortíferas.

A sociedade, baseada na existencia de privilexios, estaba organizada en tres estamentos ou estados: a nobreza e o clero, que eran os dous estamentos privilexiados e, por tanto, posuían vantaxes, como non pagar impostos ou ser xulgados por tribunais especiais; e a xente do común ou terceiro estado.

A pertenza a un ou a outro estamento dependía do nacemento, excepto no caso do clero. Por iso resultaba moi difícil ascender socialmente.



1. A nobreza vivía con gran luxo.

Nobreza

- A alta nobreza ou aristocracia monopolizaba os altos cargos da Administración e do Exército, tiña grandes propiedades e cobraba dereitos señoriais. (1) O seu poder medrou no século XVIII.
- A baixa nobreza dispoñía dunha situación económica peor e tratou de emparentar coa burguesía adineirada.

Clero

- No alto clero, formado por bispos, arcebispos, cardeais..., adoitaban integrarse os fillos menores das familias nobres.
- O baixo clero (sacerdotes, frades, monxas...) estaba constituído por persoas do pobo.

Terceiro estado

- O campesiñado era moi numeroso. Pagaba impostos ao monarca, aos señores polo dereito de explotación da terra e usos do muíño, das pontes... e o décimo á Igrexa. A maioría traballaba nas terras da nobreza ou do clero como arrendatarios, xornaleiros ou servos. Estes últimos non podían abandonalas sen permiso do seu señor.
- A burguesía estaba constituída por comerciantes, médicos, propietarios e propietarias de obradoiros... Unha parte acumulara grandes fortunas, pero o seu poder político limitábase ao goberno das cidades. Por iso, reclamaba unha maior participación política e igualdade xurídica, á que se opoñía a nobreza.

Unha economía fundamentalmente agraria

A agricultura e a gandería eran as principais actividades económicas. En gran parte de Europa practicábase unha agricultura de subsistencia que empregaba ferramentas rudimentarias e que se dedicaba, sobre todo, ao cultivo de cereais. (2) Os cultivos dependían do clima. Así, cando se producían secas, inundacións, etc., perdíanse as colleitas, escaseaban os alimentos, subían os prezos e chegaban as grandes fames.

A maior parte da terra pertencíalles á nobreza e ao clero. As terras da nobreza non se podían dividir porque, ao ser un morgado, a lei obrigaba a transmitir todo o lote ao fillo máis vello. Moitas terras do clero eran bens de mans mortas e non podían venderse por estaren baixo protección do monarca.

Existían tamén terras de explotación comunal, como bosques e pastos de que se beneficiaban os habitantes das aldeas ou das vilas.



2. A recolleita do trigo.

A artesanía e o comercio

A actividade manufactureira controlábase os gremios, asociacións de artesáns do mesmo oficio que regulaban a produción, o que dificultaba as innovacións. Os artesáns e as artesás traballaban en pequenos obradoiros e realizaban todas as fases da produción. Á marxe dos gremios, para escapar do seu control, desenvolveuse o sistema doméstico ou *domestic system*. (3)



Ademais, a monarquía potenciou a creación de **manufacturas reais** ou **reais fábricas**. Eran instalacións similares a grandes obradoiros artesanais centrados na elaboración de armas e artigos de luxo, como tapices.

O **comercio internacional** medrou grazas aos intercambios con América e Asia. As **compañías privilexiadas**, como a Compañía Inglesa das Indias Orientais, monopolizaban as relacións comerciais nalgúñas zonas, desde onde importaban a Europa té, algodón, etc.

Tamén funcionou un circuíto comercial chamado **comercio triangular**: os barcos europeos dirixíanse a África, intercambiaban produtos de pouco valor por escravos e escravos e levábanos a América para vendelos. Cos beneficios mercaban algodón, azucre..., que revendían en Europa.

- 3. O sistema doméstico na produción téxtil.** O empresario adquiría a materia prima, por exemplo, la. (A) Os campesiños e as campesiñas fiaban e tecían nas súas casas. (B) O empresario recollía as teas (C) e vendíaa nos mercados. (D)

APRENDO A MIRAR

- Analiza o sistema doméstico. Por que os produtos dos obradoiros eran máis caros ca os elaborados na industria doméstica?



DEREITOS HUMANOS

- Emite un xuízo crítico. En que se baseaba o comercio triangular? Que opinión che merece esta actividade comercial?

IDEAS CLAVE

- Define:** estamento, manufacturas reais.
- Analiza e compara.** Como se organizaba a sociedade do Antigo Réxime? Parecíase á sociedade medieval? E á actual?
- Explica.** Por que a agricultura era pouco produtiva? Por que medrou o comercio nesta época?

2. Os diferentes sistemas políticos

A monarquía absoluta

No século XVIII, a **monarquía absoluta** era a forma de goberno vixente na maior parte de Europa. A súa característica principal era que o rei ou a raíña **concentra todos os poderes do Estado**: elaboraba e promulgaba as leis, gobernaba e nomeaba os xuíces... Para exercer as súas funcións dispoñía dun poderoso exército e contaba cun funcionariado.

Os monarcas absolutos considerábanse por riba da lei, pois defendían que o seu poder era de orixe divina e, por tanto, eran representantes de Deus na Terra. (4 e 5)

Non obstante, o establecemento de novos impostos ou a promulgación dalgunhas leis tiñan que contar coa aprobación das **assembleas representativas**, que recibían diferentes nomes segundo os países: Estados Xerais en Francia, Cortes en España... Estas institucións representaban os grupos poderosos: a nobreza, o clero e a alta burguesía das cidades máis importantes.

Ademais, a monarquía absoluta aplicou o **mercantilismo**, unha doutrina económica que baseaba a riqueza dun país na cantidade de ouro e de prata que posuíse. Para aumentar a riqueza, fomentaron as industrias nacionais e as exportacións e limitaron as importacións.



4. A emperatriz Catarina a Grande de Rusia foi unha das grandes monarcas absolutas de Europa no século XVIII.

KIT DE FERRAMENTAS

Comparar o absolutismo e o parlamentarismo a partir de textos históricos

Así se fai

- **Clasifica** os textos. Indica se se trata de textos legais, privados, memorias... e sinala a súa data e autoría.
- **Identifica** as ideas principais de cada texto e compáraos. Relaciona estas ideas coas formas de goberno da época.
- **Establece** as consecuencias que derivaron de cada documento.

Discurso de Luís XV ao Parlamento de París (3 de marzo de 1766)

É só na miña persoa onde reside o poder soberano [...]; é a min a quen deben os meus cortesáns a súa existencia e a súa autoridade; a plenitude da súa autoridade que eles non exercen máis ca no meu nome reside sempre en min e non pode volveirse nunca contra min; só a min pertence o poder legislativo sen dependencia e sen división; é pola miña autoridade pola que os oficiais da miña corte proceden [...] ao rexistro, á publicación e á execución da lei; a orde pública emana de min, e os dereitos e os intereses da nación [...] non descansan máis ca nas miñas mans.

(Adaptación)



5. Luís XV de Francia.

O parlamentarismo inglés

Na primeira metade do século XVII, os monarcas da dinastía Estuardo trataron de gobernar nos seus territorios de Gran Bretaña e Irlanda como monarcas absolutos, pero bateron coa firme oposición da burguesía, que dominaba o Parlamento.

Este enfrontamento provocou as revolucións de 1642 e 1688, que remataron coa expulsión da dinastía Estuardo do trono e co triunfo da monarquía parlamentaria. (6)

Este novo sistema político baseábase na supremacía das leis sobre o rei ou a raíña. En 1689, o monarca tivo que asinar unha **Declaración de Dereitos** en que garantía unha serie de liberdades e de dereitos e aceptaba non aprobar leis nin crear ou cobrar impostos sen a aprobación do Parlamento. Establecéronse así as bases da separación de poderes.

O parlamentarismo na república das Provincias Unidas

Cando as Provincias Unidas se independizaron de España en 1648, estableceron un sistema de goberno non absolutista. Convertéronse nunha república en que os burgueses exercían o poder político. Grazas ao desenvolvemento comercial, a burguesía aumentou o seu poder económico e adquiriu un gran poder político.

A república estaba formada por sete provincias, con cadanseu Parlamento. Os representantes de todas as provincias reuníanse nos Estados Xerais para adoptaren decisións comúns.



6. Cámara dos Comúns na abadía de Westminster, en Londres.

IDEAS CLAVE

- Que forma de goberno dominou en Europa no século XVIII? Describe os seus trazos.
- Que outros sistemas políticos se desenvolveron a partir da segunda metade do século XVII? Explicade en que consistían e valorade se eran sistemas democráticos.

Declaración de Dereitos inglesa (1689)

Os Lords e os membros da Cámara dos Comúns declaran:

Que o pretendido poder de suspender as leis ou a súa execución pola autoridade real e sen o consentimento do Parlamento é ilegal.

Que toda [recadación] de impostos en beneficio da Coroa sen consentimento do Parlamento é ilegal.

Que as eleccións dos membros do Parlamento deben ser libres.

Que a liberdade de expresión nos debates ou nos procedementos do Parlamento non pode ser cuestionada por ningún tribunal alleo ao Parlamento.

É a túa vez

- Indica que tipo de textos son, o seu autor e a súa data.
- Explica o significado destes termos: poder lexislativo, Lords, Cámara dos Comúns, Parlamento.
- Anota as ideas principais en cada caso.
- Razona. En que frases do seu discurso xustifica Luís XV o seu poder absoluto? Que poderes do monarca se limitan na Declaración de 1689?
- Compara a monarquía francesa e a inglesa.
- Valora. Son textos transcendentais? Por que?

3. A Ilustración, xerme do pensamento político contemporáneo

A crítica ao Antigo Réxime

No século XVIII xurdiu a **Ilustración**, unha corrente de pensamento que cuestionou os principios do Antigo Réxime. Entre os seus postulados estaban os seguintes:

- O **predominio da razón** fronte aos costumes e a superstición. As persoas ilustradas rexeitaron os privilexios da nobreza e do clero, as regulamentacións dos gremios e o absolutismo.
- A **tolerancia** como expresión da pluralidade e como base da convivencia.
- A defensa duns **dereitos naturais** das persoas, como a liberdade individual, que o Estado non podía suprimir arbitrariamente.
- A **educación**, que se considerou un instrumento para difundir a razón, e o **coñecemento**, fundamento da felicidade. As ciencias experimentais adquiriron grande importancia, xa que se pensaba que a humanidade podía progresar a través delas.

As ideas ilustradas difundíronse por Europa e América, a través dos salóns, das academias, (7) da prensa e, principalmente, grazas á *Enciclopedia*, unha obra publicada en Francia e dirixida por Diderot e d'Alembert.

Os pensadores máis significativos da Ilustración bosquexaron as ideas esenciais do pensamento político contemporáneo:

John Locke (1632 – 1704), autor de *Cartas sobre a tolerancia*

Precursor das ideas ilustradas, criticou o absolutismo e sostivo que o Estado era o resultado dun pacto entre persoas gobernantes e gobernadas, e que podía romperse se as primeiras non gobernaban de forma xusta.

Montesquieu (1689 – 1755), autor de *O espírito das leis*

Para evitar o abuso de poder, defendeu por primeira vez a división dos tres poderes do Estado: os Parlamentos representativos debían exercer o poder lexislativo; o monarca, o poder executivo, e os xuíces independentes, o poder xudicial.



7. Royal Academy de Artes, en Londres. As academias fomentaron as ciencias e as artes no século XVIII.



8. Voltaire.

Voltaire (1694 – 1778), autor de *Tratado sobre a tolerancia*

Criticou con dureza o fanatismo e a intolerancia, e defendeu a liberdade de expresión e unha monarquía forte en que se respectasen as liberdades civís. (8)

Jean-Jacques Rousseau (1712 – 1778), autor de *O contrato social*

Defendeu a liberdade e a igualdade das persoas. Consideraba que a sociedade corrompía o ser humano, bo por natureza. Sostiña que a soberanía residía no pobo e que este chegaba a un acordo para permitirle a un poder superior gobernar no seu nome.

O despotismo ilustrado

Os monarcas absolutos querían manter o poder, pero eran conscientes dos problemas económicos e sociais dos seus territorios. Por iso, no século XVIII, algúns, como Xosé II de Austria, Catarina II de Rusia, Federico II de Prusia e Carlos III de España, aplicaron reformas ilustradas para estender a educación, racionalizar a Administración e potenciar o desenvolvemento económico dos seus territorios, pero sen perder o seu poder. Este sistema coñécese como **despotismo ou absolutismo ilustrado**. Velaquí algunhas medidas que tomaron:

- Fundaron institucións educativas e renovaron os plans de estudos para potenciar as ciencias como as matemáticas, a física, a química...
- Modernizaron a burocracia, reforzaron a Administración central e intentaron que os estamentos privilexiados pagasen impostos.
- Impulsaron **desamortizacións**, é dicir, que os bens de mans mortas pasasen ao Estado para poñelos á venda e que as terras volvesen ser produtivas. Tamén se puxeron en cultivo novas terras, construíronse camiños e realizáronse obras de regadío.

O despotismo ilustrado non alterou as bases do Antigo Réxime, xa que as reformas non limitaron o poder absoluto dos monarcas aínda que chocaron cos privilexios estamentais.

IDEAS CLAVE

- Explica que foi a Ilustración. Por que pensas que a esta época se lle chamou o Século das Luces?
- Enumera algúns representantes destacados do pensamento ilustrado e sintetiza as súas ideas.
- Define despotismo ilustrado.
- Valora se as ideas da Ilustración seguen viventes nos nosos días. Argumenta a resposta.

A Enciclopedia, a grande obra da Ilustración

Publicada entre 1751 e 1780, a *Enciclopedia ou Dicionario razoado das ciencias, das artes e dos oficios* foi a grande obra dun grupo de filósofos formado en Francia, vinculado co mundo real en que vivían, con espírito crítico e vocación pedagóxica.

Os seus directores foron o matemático Jean le Rond d'Alembert e o filósofo Denis Diderot. Nela participaron as figuras máis destacadas da Ilustración francesa: o barón de Montesquieu, Jean-Jacques Rousseau, Jacques Turgot, François Quesnay, o conde de Buffon, Louis de Jaucourt...

Contiña saberes teóricos e moitos coñecementos prácticos que aludían a aspectos vinculados co funcionamento dos obradoiros. A obra incluía máis de 2.000 ilustracións, moitas delas relacionadas coas ferramentas e cos procesos de fabricación nos obradoiros de artesanía. (9)

A *Enciclopedia* tivo un grande éxito dentro e fóra de Francia. Logrou máis de 25.000 subscritores, traducíuse a varias linguas e reimprimíuse varias veces.

A túa investigación

- **USA AS TIC.** Busca información sobre os colaboradores da *Enciclopedia* que se citan no texto e realiza unha presentación explicando brevemente quen foron.
- Compara as características da *Enciclopedia* coas das enciclopedias actuais en papel, dixitais ou en liña. Utilizas enciclopedias? Cales? En que ocasións? Quen son os seus autores?



9. Laboratorio químico nunha lámina da *Enciclopedia*.

O papel das mulleres na Ilustración

Os ilustrados defenderon a igualdade dos seres humanos e rexeitaron a escravitude, pero, salvo excepcións, non se mostraron partidarios da igualdade entre homes e mulleres. Para a maioría deles, a muller debía permanecer no fogar, subordinada ao pai ou ao seu home. Non se consideraba que precisase máis instrución ca a necesaria para desempeñar o papel de esposa e nai.

Non obstante, moitos ilustrados que negaban esta igualdade acudían aos salóns (11) que organizaban damas como madame Lambert, madame Geoffrin, madame d'Épinay ou madame Necker. Estes salóns eran espazos de discusión sobre política, literatura, finanzas, filosofía, arte, música, ciencia...

Nestes faladoiros existía un trato de igualdade intelectual entre homes e mulleres.



O labor científico de Madame du Châtelet (1706 - 1749)

Émilie du Châtelet foi matemática e física, e unha das mulleres ilustradas máis sobresaíntes.

Recibiu unha esmerada educación, algo pouco habitual nas mulleres do seu tempo.

En 1737 escribiu *Disertación sobre a natureza e propagación do lume* e en 1740, *As institucións da física*, obra en que divulgou conceptos do cálculo diferencial. Tamén traduciu do latín ao francés e comentou a obra mestra de Isaac Newton, *Principios matemáticos da filosofía natural*.



11. *Lectura da traxedia de Voltaire O orfo de China, no salón de madame de Geoffrin, obra de Lemonnier.* Madame Geoffrin, (A) d'Alembert, (B) Diderot, (C) busto de Voltaire, (D) Rousseau, (E) Montesquieu, (F) duquesa d'Anville, (G) conde de Buffon, (H) mademoiselle Clairon, (I) Soufflot. (L)



Mulleres ilustradas en España

As ideas das Luces difundíronse entre algunhas damas da nobreza española. A condesa-duquesa de Benavente (13) organizaba parladoiros en que se comentaban as novidades literarias chegadas desde Francia. Foi unha das presidentas da Xunta de Damas, unha sección da Real Sociedade Económica Matritense de Amigos do País que desenvolvía tarefas con mulleres presas e con mulleres dos grupos populares para que aprendesen un oficio: cardadoras, fiadeiras, tecelás...



12. Josefa de Jovellanos.



13. A condesa-duquesa de Benavente.



14. María Isidra de Guzmán.

A esta Xunta pertenceu tamén Josefa Amar y Borbón, defensora da igualdade entre homes e mulleres e de que a educación feminina incluíse idiomas, historia, debuxo, música e labores manuais.

Destacaron tamén Josefa de Jovellanos, (12) autora de poemas escritos en asturiano e patrocinadora en Xixón dunha escola para nenas con escasos recursos, e María Isidra de Guzmán, (14) coñecida como «a doutora de Alcalá» por ser a primeira muller que obtivo un título desa universidade.

O estado, os pais e, o que é máis, ata as mesmas mulleres miran con indiferenza aprender isto ou aquilo, ou non aprender nada. [...] Que proveito lles resulta aos homes da ignorancia das mulleres? Porque se se trata de casar, mala harmonía poderá haber entre un home instruído e unha muller ignorante.

As mulleres están suxeitas igual ca os homes ás obrigas comúns a todo individuo. [...] Non hai diferenza ningunha entre ambos os sexos e por conseguinte ambos necesitan dunha instrución competente.

JOSEFA AMAR Y BORBÓN, *Discurso sobre a educación física e moral das mulleres*, 1790 (Adaptación)

A educación da muller debe referirse aos homes. Agradarlles, serlles útiles, facerse amar e honrar por eles, educalos cando son novos, coidalos cando son adultos, aconsellalos, consola-los, facerlles a vida agradable e doce: velaquí os deberes das mulleres en calquera tempo, e o que se lles debe ensinar desde a infancia. Por tanto, cultivar nas mulleres as calidades do home e descoidar as que lles son propias é, a todas as luces, traballar en prexuízo delas.

JEAN-JACQUES ROUSSEAU, *Emilio*, 1762
(Adaptación)

A túa investigación

- **Analiza e compara os textos.**
Quen son os seus autores? Cales son as ideas principais de cada un? Que conclusións obtés?
- **Reflexiona.** Por que moitos ilustrados lle asignaban á muller un papel tradicional na sociedade?



• **A DEBATE.** Por que as mulleres ilustradas lle daban tanta importancia á educación feminina?



• Hoxe, máis de 120 millóns de nenos no mundo non están escolarizados; máis da metade son nenas. Que efectos terá na súa vida adulta?

4. O absolutismo borbónico en España

A guerra de Sucesión española

En 1700, a morte sen descendencia de Carlos II, o último rei dos Austrias, provocou un problema político dentro e fóra de España. No seu testamento nomeou sucesor a **Filipe de Anjou**, da dinastía dos Borbóns, neto do rei de Francia. En principio, os seus dereitos ao trono parecían superiores aos do outro pretendente, o arquiduque **Carlos**, da dinastía dos Austrias.

O acceso dun Borbón ao trono español reforzaría a hexemonía francesa en Europa. Por iso, formouse unha **grande alianza** en contra do candidato francés, integrada por Austria, Reino Unido, as Provincias Unidas, Prusia, Saboia e Portugal. Iniciouse así en 1701 a **guerra de Sucesión**. (15) En 1711, o arquiduque Carlos foi nomeado emperador do Sacro Imperio e Filipe renunciou ao trono francés. Ambas as circunstancias puxeron fin ao conflito internacional.

O **Tratado de Utrecht** (1713) recoñeceu a Filipe V como rei de España. A cambio, España entregoulle a Austria as súas posesións en Italia e Flandres, cedeu Xibraltar e Menorca a Reino Unido e concedeu a este último vantaxes no comercio con América.

En España, o conflito sucesorio converteuse nunha **guerra civil**. Gran parte de Castela apoiou a Filipe V, mentres que a Coroa de Aragón foi partidaria do arquiduque Carlos.

15. A GUERRA DE SUCESIÓN EN ESPAÑA (A) E EN EUROPA (B)



ANALIZO TEXTOS HISTÓRICOS

Decretos de Nova Planta en Aragón e Valencia (29 de xuño de 1707)

Considerando que se perderon os reinos de Aragón e de Valencia [...] pola rebelión que cometeron, faltando enteiramente ao xuramento de fidelidade [...] todos os seus foros, privilexios, exencións e liberdades que gozaban [...] engádese agora a do xusto dereito da conquista que deles fixeron ultimamente as miñas armas [...]; e considerando tamén que un dos principais atributos da soberanía é a imposición e derogación de leis [...].

Xulguei conveniente, así por isto como polo meu desexo de reducir todos os meus reinos de España á uniformidade dunhas mesmas leis [...] gobernándose igualmente todos polas leis de Castilla [...] abolir e derogar enteiramente [...] todos os referidos foros e privilexios [...].

- Explica as razóns que deu Filipe V para promulgar este decreto e que estableceu nel.



Unha nova configuración política de España

A nova dinastía estableceu unha forma de goberno moi diferente da que practicaran os monarcas da casa de Austria. Baseábase no **absolutismo**, na **centralización** e na **uniformidade administrativa** do país para facela máis parecida ao sistema francés.

- Aproveitando que a Coroa de Aragón se opuxera na guerra a Filipe V (1700-1746), **(16)** promulgarónse entre 1707 e 1716 os **Decretos de Nova Planta**. Estes suprimiron os foros e institucións propias destes territorios.
- Para gobernar, as institucións castelás adquiriron o rango de estatais. Substituíronse os antigos consellos por **secretarías de despacho**, dirixidas por un secretario nomeado polo rei. Son consideradas o antecedente dos actuais ministerios.
- **Reformáronse o exército e a armada**. Creouse un exército profesionalizado e emprendéronse medidas para crear unha armada naval poderosa, como o fomento da construción de estaleiros, arsenais e barcos de guerra.

A política exterior dos Borbóns

Filipe V centrouse en recuperar os territorios italianos perdidos no Tratado de Utrecht. Para logralo aliouse con Francia mediante **pactos de familia** e interveu en varias guerras, como na guerra de sucesión de Polonia. España recuperou Nápoles, Sicilia e os ducados de Parma e Piacenza.

O seu sucesor, Fernando VI (1746-1759), mantivo, pola contra, unha **política de neutralidade** e durante o seu reinado España non participou en ningún conflito bélico. Centrouse, en cambio, en asegurar as colonias americanas.

Pola súa banda, Carlos III (1759-1788) abandonou a neutralidade para facerlle fronte ao expansionismo británico en América.



16. *A familia de Filipe V*, pintada en 1743 por Louis-Michel van Loo. Filipe V e a raíña Isabel de Farnesio. (A) O príncipe de Asturias, futuro Fernando VI, e a súa esposa Bárbara de Braganza. (B) Carlos III, daquela rei de Nápoles, e a súa esposa María Amalia de Saxonia. (C)


APRENDO A MIRAR

- Observa a liña do tempo. Que monarcas se sucederon en España no século XVIII?
- Cita os acontecementos destacados e indica en que reinado se produciron.

IDEAS CLAVE

- **Analiza a guerra de Sucesión.** Por que comezou? Quen se enfrontou nela? A coroación de Carlos como emperador rompería a alianza entre Austria, Reino Unido e Portugal?
- **Enumera as consecuencias do Tratado de Utrecht.**
- **Define os trazos da política que implantou en España Filipe V e pon exemplos das medidas adoptadas.**
- **Razoa:** España é un Estado hoxe centralizado?

17. OS BORBÓNS ESPAÑOIS NO SÉCULO XVIII



5. A práctica do despotismo ilustrado en España

A política reformista de Carlos III

En España, Carlos III (1759-1788) foi o representante do despotismo ilustrado máis importante (19) porque engadiu á súa preocupación por mellorar a economía do país, o benestar dos seus súbditos e o desexo de mellorar a organización do Estado.

Ao inicio do seu reinado apoiouse en ministros italianos, como Esquilache ou Grimaldi, que promoveron reformas en contra dos intereses dos grupos privilegiados. Posiblemente estes, aproveitando unha crise de subsistencia, fomentaron en 1766 o motín de Esquilache, un levantamento popular contra este ministro. (18) Finalmente, Esquilache foi destituído e o rei rodeouse de ministros españois, como o conde de Aranda, Campomanes, Floridablanca e Jovellanos, (21) que aplicaron diversas medidas para modernizar o país. Entre elas, as seguintes:

- Empréndéronse reformas económicas. Liberalizouse o comercio con América e creáronse reais fábricas.

Promoveuse o desenvolvemento agrícola coa redución dos privilexios da Mesta, a construción de canles de rega e o cultivo de novas terras, con iniciativas como a colonización de Serra Morena, repoboada con persoas que debían traballar as terras que lles asignaron.

- No aspecto relixioso, para diminuír o poder da Igrexa, limitouse a actuación da Inquisición e expulsáronse os xesuítas de España, acusados de ser responsables do motín de Esquilache.
- Para fomentar a educación construíronse escolas de ensinanza primaria e renováronse os plans de estudos nas ensinanzas secundaria e universitaria. Ademais, creáronse Sociedades Económicas de Amigos do País, formadas por persoas ilustradas que se reunían para intercambiar ideas.

Malia as reformas, o despotismo ilustrado tivo efectos limitados, porque no momento en que estas afectaban as estruturas do Antigo Réxime, os grupos privilegiados opoñíanse a elas.

En política exterior, España fracasou no intento de restablecer a súa soberanía sobre Xibraltar, pero recuperou Menorca. Ademais, apoiou as colonias americanas contra Reino Unido na guerra de independencia de Estados Unidos.



- 18. Motín de Esquilache.** Prohibíronse por decreto os sombreiros de aba larga e as capas longas para modernizar os costumes. Isto provocou gran malestar contra o ministro Esquilache.



COMUNICACIÓN

A creación de escolas e academias en España favoreceu as expedicións científicas.

- **Investigade** acerca da expedición Malaspina-Bustamante e **realizade** unha exposición na clase sobre ela. **Valorade** a súa importancia.
- **Reflexionade.** Por que a Coroa pagaba este tipo de viaxes?



- 19. Ornatos da rúa de Las Platerías con motivo da entrada en Madrid de Carlos III, obra de Lorenzo Quirós.** Forma parte dunha serie de cinco pinturas que representan a ornamentación da capital con motivo da entrada de Carlos III en Madrid o 13 de xullo de 1760.

Aparalización das reformas con Carlos IV

Carlos IV accedeu ao trono en 1788. Cando un ano despois, en 1789, comezou a Revolución francesa, en España identificáronse Ilustración e revolución e freáronse as reformas, ao mesmo tempo que se intensificou a censura para que as ideas revolucionarias non penetrasen no país.

Floridablanca, Aranda e Godoy, ministros de Carlos IV, tiveron que facerlle fronte á grave crise da Facenda Real. Para tratar de aumentar os ingresos, Godoy desamortizou algúns bens da Igrexa, pero o problema non se resolveu.

En política exterior, España participou xunto con outros países na loita contra a Francia revolucionaria. O estancamento da situación militar conduciu á sinatura da paz de Basilea en 1795, que supuxo a cesión a Francia da parte española da illa de Santo Domingo.

Coa sinatura do tratado de San Ildefonso en 1796, renovouse a tradicional alianza hispano-francesa, que levou ao enfrontamento naval con Reino Unido, por entón a primeira potencia marítima mundial. No curso do conflito, a armada española foi destruída na batalla de Trafalgar, no ano 1805.

As dificultades aumentaron a oposición cara a Carlos IV e o seu ministro Godoy. En 1808, o monarca abdicou en favor de seu fillo, Fernando VII.

IDEAS CLAVE

- Enumera algunhas medidas adoptadas por Carlos III para transformar o país. Pensa criticamente: que repercusión tiveron? Modernizaron o país? Por que?
- Compara os reinados de Carlos III e Carlos IV. Que diferenzas aprecias entre eles?
- Explica que eran as Sociedades de Amigos do País e analiza o seu papel na Ilustración española.
- Por que España loitou contra a Francia revolucionaria se os monarcas de ambos os Estados pertencían á mesma dinastía? Razoa a resposta.



20. Porcelana fabricada na Real Fábrica do Buen Retiro, en Madrid.

KIT DE FERRAMENTAS

Expoñer a ideoloxía dun representante da Ilustración española

A Ilustración española apenas cuestionou o Antigo Réxime. Destacaron as academias, como a Real Academia da Historia (1735), e as Sociedades Económicas de Amigos do País. Nestas reuníanse grupos de ilustrados para desenvolver a economía das súas provincias e fomentar a educación técnica. Entre os ilustrados españois destacaron o padre Benito Xerónimo Feijoo, Josefa Amar y Borbón, o conde de Aranda, Floridablanca, Campomanes e Jovellanos.

É a túa vez

- Selecciona unha figura da Ilustración española e infórmate sobre ela. Utiliza fontes fiables e contrasta varias.
- Anota as ideas que defendeu e as obras e proxectos que emprendeu. Elabora unha síntese das ideas principais.
- Ponte no lugar do personaxe e conta en primeira persoa cal é o teu pensamento ilustrado.



21. Gaspar Melchor de Jovellanos, retratado por Francisco de Goya.

6. Galicia no século XVIII

Galicia no século XVIII era un territorio agrario e gandeiro. Ao longo do século mellorou a economía, co que aumentou a poboación.

A política

Como consecuencia das reformas levadas a cabo por Filipe V, naceu en 1718 unha nova institución, a **Intendencia**, que se sumou ás que xa funcionaban desde os tempos dos Reis Católicos, e que contribuíu ao reforzamento do control político de Galicia por parte do Estado, cunha nova **centralización** do poder. O reino de Galicia dividíase administrativamente en sete provincias.

O poder da monarquía en Galicia alcanzaba case en exclusiva as cidades, porque no campo os que realmente tiñan o poder eran a Igrexa católica e a **fidalgúia**, baixa nobreza que vivía das rendas do campo.

En relación coa política exterior, a rivalidade entre España e Gran Bretaña polo control das rutas con América deu lugar a numerosos enfrontamentos e ataques de ingleses e holandeses ás costas galegas.

A economía

A base principal da economía galega era a agricultura. A maior parte da terra pertencía a institucións relixiosas e a grandes nobres, que lle arrendaban a terra á fidalguía; esta, á súa vez, mediante o foro, subarrendáballes as terras aos campesiños a cambio de que lle entregasen parte da colleita. Nesta época a agricultura expandiuse extraordinariamente grazas a novos cultivos, como o millo e a pataca. (23)

Contra 1750, a chegada de empresarios cataláns a Galicia con novos métodos de pesca e conserva modificou o sector pesqueiro coa introdución do traballo asalariado, a construción de factorías de salgadura, as melloras na conservación do peixe e unha nova comercialización da produción.

Tamén destacou a **construción naval** en Ferrol, cidade que os Borbóns dotaron de estaleiros, e a **siderurxia de Sargadelos**. (22) Ademais, cobrou un importante pulo a **actividade téxtil** coa instalación das primeiras fábricas, como as manufacturas de liño na Coruña.

A sociedade

As melloras agrícolas e a incipiente actividade industrial fixeron aumentar a **poboación**. Na segunda metade do século destaca a **emigración** cara a Castela, Portugal e América, provocada pola nova presión demográfica.

A sociedade, aínda que seguía sendo estamental, cobrou un novo dinamismo debido ás transformacións económicas e ideolóxicas.

Os grupos sociais que se consolidaron nesta época en Galicia foron a fidalguía –de aí a construción de numerosos pazos– e os comerciantes. Así e todo, a gran maioría da poboación era **campesiña** e a sociedade era fundamentalmente **agraria**.



22. Plano de Ferrol, 1770. Foi a cidade galega máis importante da época grazas ao apoio da monarquía.



23. Hórreo en Muxía. Os novos cultivos provocaron a multiplicación dos hórreos.

IDEAS CLAVE

- Quen exercía o poder en Galicia no século XVIII?
- Cales eran os trazos principais da economía da época?
- Que correntes artísticas se deron na época? Que obras destacaron?
- Como cres que serían as relacións entre os fidalgos e os campesiños?

A Ilustración

As ideas ilustradas tiveron en Galicia un gran desenvolvemento durante a segunda metade do século XVIII. Nesta época creáronse varias institucións alentadas polos ilustrados, como as **Sociedades Económicas de Amigos do País** de Lugo e Santiago. (25)

Destacaron tamén un grupo de ilustrados que defenderon un reformismo moderado, como o padre Feijoo, o padre Sarmiento, Xosé Cornide, Pedro Antonio Sánchez e Lucas Labrada.



24. Xardíns do Pazo de Oca.
Os fidalgos vivían en pazos.

A arte

A arte barroca desenvolveuse en Galicia desde o século XVII ata a primeira metade do XVIII; foi unha arte eminentemente relixiosa. Con este estilo renovouse arquitectonicamente **Santiago de Compostela**.

Do século XVIII destaca a **fachada do Obradoiro** da catedral de Santiago, de Fernando de Casas Novoa, onde logra un grande efecto escenográfico pola abundante decoración e a mobilidade dos muros.

Destacou tamén o **barroco de placas**, caracterizado por unha decoración xeométrica de grandes placas e cilindros que aumentou os contrastes de clarescuro e a sensación de movemento nas fachadas. Sobresaen as falsas fachadas do mosteiro de Santa Clara e da Casa do Cabido.

Na segunda metade do século chegou o neoclasicismo, recoñecible na planificación urbanística de Ferrol e no Pazo de Raxoi en Santiago.

Na arquitectura civil destacan os **pazos** que se construíron ou remodelaron grazas á mellora da economía dos fidalgos. (24)

ANALIZO TEXTOS HISTÓRICOS

Estatutos da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago

1. A Sociedade Económica de Amigos do País da cidade de Santiago terá como propósito mellorar a industria popular e os oficios, auxiliar a súa ensinanza, divulgar os segredos das artes, anunciar as máquinas que simplifiquen as manobras, facilitar a súa execución e uso, fomentar a pesca na súa dilatada costa, a agricultura e a cría de gando, procurando que se quiten as trabas que aos adiantamentos de todas estas cousas poidan opoñerse, e finalmente proporcionar aos habitantes de Galicia os medios para que poidan vivir do seu traballo, afeccionándose a el, e facendo o posible para que non lles falte en que empregarse; todo

baixo a autoridade dos lexísimos superiores.

2. Promoverá e adiantará a educación da mocidade de todas as clases.

3. E procurará a erección e bo réxime das escolas patrióticas, como de todos os demais establecementos que considere útiles para os fins propostos, promovendo por todos os medios posibles aqueles que sexan superiores ás súas forzas, facendo por si mesma os que non o sexan, para os cales formará, segundo a súa natureza e circunstancias, os correspondentes regulamentos, solicitando a súa aprobación nos casos en que sexa necesario. [...].




25. Cuberta dos Estatutos.

- Que motivos impulsaron a creación da Sociedade de Amigos do País?
- Sobre que sectores querían incidir os creadores da Sociedade de Amigos do País? Querían educar a xente do común ou só as elites? Por que?
- Observando a cuberta dos Estatutos, cres que a Sociedade de Amigos do País ten o apoio real? Por que?

ORGANIZO AS IDEAS

1 Resume as ideas principais do Antigo Réxime. Copia e completa este esquema no caderno.



2 Sintetiza as ideas da Ilustración. Copia e completa a seguinte táboa no caderno.

Ilustración		Despotismo ilustrado	
Bases ideolóxicas	...	Medidas	...
Principais representantes	...		


APLICO OS COÑECEMENTOS

3 Define estes termos:

- Burguesía
- Bens de mans mortas
- Mercantilismo
- Desamortización
- Sociedades Económicas de Amigos do País
- Decretos de Nova Planta
- Pensamento ilustrado
- Comercio triangular

4 Establece conexións. Como relacionas os termos da actividade anterior coa crise do Antigo Réxime no século XVIII?

5 Explica este organigrama. Que representa?



6 Compara estes conceptos e explica a diferenza entre eles.

- Absolutismo e despotismo ilustrado
- Sistema gremial e sistema doméstico
- Absolutismo e parlamentarismo

7 Analiza este texto.

A obra que comezamos (e que desexamos rematar) ten dous obxectivos: en canto que *Enciclopedia*, debe expoñer na medida do posible a orde e o encadeamento dos coñecementos humanos; en canto que *Diccionario razoado das ciencias, das artes e dos oficios*, debe conter sobre cada ciencia e sobre cada arte, xa sexa liberal, xa manual, os principios xerais en que se basea e os detalles máis esenciais que constitúen o seu corpo e a súa substancia.

JEAN LE ROND D'ALEMBERT,
«Discurso preliminar» da *Enciclopedia*, 1751.

- Quen é o autor? Que vínculo tiña coa *Enciclopedia*?
- Que dous obxectivos tiña esta obra segundo o autor do texto?

8 Establece relacións de causa efecto entre a guerra de Sucesión española e a perda dos foros nos territorios da Coroa de Aragón.

9 Describe o proceso que levou a Inglaterra a establecer un sistema político diferente do absolutismo.

10 PENSO E COMPARTO EN PARELLA

- **Analiza** que aspectos cambiaron durante o século XVIII respecto aos séculos anteriores na sociedade, na economía e na política.
- **Valora** cales, polo contrario, permaneceron sen cambios.
- **Pensa** se as ideas ilustradas influíron nos cambios e xustifica a resposta.
- **Intercambia** as túas respostas coa túa parella e deféndelas de xeito argumentado. Coincidistes nas respostas?



11 Observa e interpreta a imaxe.

- A que estamento cres que pertencía esta familia? Dentro do estamento, a que grupo social? Explica en que te baseas para afirmalo.
- Era un grupo con poder económico? E con poder político? Pensas que estaban conformes coa súa situación? Por que?

12 Indica a data destes acontecementos e ordénalos cronoloxicamente nunha liña do tempo.

- Abdicación de Carlos IV
- Motín de Esquilache
- Inicio da guerra de Sucesión española
- Batalla de Trafalgar
- Tratado de Utrecht

13 Explica en que consistiu o reformismo dos monarcas españois da dinastía Borbón e pon exemplos que avalen o teu discurso.

✓ VALORO A APRENDIZAXE

- ♦ **Formúlalle á túa parella cinco preguntas sobre os contidos desta unidade. Valora as súas respostas.**
- ♦ **Compara.** Que sabías sobre o Antigo Réxime e a Ilustración antes de comezar a unidade? Que aprendiches?
- ♦ **Escribe no caderno unha palabra, unha idea e unha frase que describan a crise do Antigo Réxime.**
- ♦ **Repasa os conceptos clave do inicio da unidade. Por que son clave? Que outros engadirías?**
- ♦ **Cita os aspectos que che resultaron máis complicados. Como superaches as dificultades?**

As ideas ilustradas seguen de moda

Como sería a túa vida se a liberdade ou a igualdade non fosen dereitos fundamentais recoñecidos para todas as persoas? E se os gobernantes concentrasen todos os poderes do Estado? Liberdade, igualdade ante a lei e separación de poderes son as bases de moitos sistemas políticos actuais.

A división de poderes

Hai en cada Estado tres clases de poderes: o poder lexislativo, o poder executivo [...] e o poder executivo das cousas que dependen do dereito civil.

Polo poder lexislativo, o príncipe, ou o maxistrado, promulga leis [...] e emenda ou derroga as existentes. Polo segundo poder, dispón da guerra e da paz, envía ou recibe embaixadores, establece a seguridade, prevén as invasións. Polo terceiro, castiga os delitos ou xulga as diferenzas entre particulares. Chamáremoslle a este poder xudicial. [...]

Cando os poderes lexislativo e executivo se encontran reunidos nunha mesma persoa ou corporación, non hai liberdade, porque é de temer que se fagan leis tiránicas para executalas do mesmo modo.

MONTESQUIEU, *O espírito das leis*, 1748 (Adaptación)

A igualdade

Se se busca en que consiste o ben máis prezado de todos, que debe ser obxecto de toda lexislación, encontrarase que todo se reduce a dúas cuestións principais: a liberdade e a igualdade, sen a cal a liberdade non pode existir. Renunciar á liberdade é renunciar a ser homes, aos dereitos e aos deberes da humanidade.

A verdadeira igualdade non reside no feito de que a riqueza sexa a mesma absolutamente para todos, senón que ningún cidadán sexa tan rico como para poder comprar a outro e que non sexa tan pobre como para verse forzado a venderse. Esta igualdade, dise, non pode existir na práctica. [...] Como a forza das cousas tende sempre a destruír a igualdade, hai que facer que a forza da lexislación tenda sempre a mantela.

ROUSSEAU, *O contrato social*, 1762 (Adaptación)

14 Analiza os textos.

- Que poderes recoñece Montesquieu nun Estado? Por que deben estar separados? Como relaciona a división de poderes coa liberdade?
- Que relación establece Rousseau entre liberdade e igualdade?
- Paréceche que as ideas destes pensadores resultaron revolucionarias no seu tempo? Por que?
- Consideras estas ideas actuais? Pon exemplos.



15 Lembra o que son unha ditadura e unha democracia. Como se reparten os poderes do Estado en ambos os casos? Como se entende a liberdade en cada un?

16 FAGO CONEXIÓNS. Reflexiona sobre o texto da Constitución española.



- De que tratan os artigos? Recollen ideas fraguadas na Ilustración?
- Que son para vós a liberdade e a igualdade? Que valor lles concededes? Son importantes na consecución dos ODS?



Constitución española de 1978

Artigo 1

1. España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

2. A soberanía nacional reside no pobo español, do cal emanan os poderes do Estado.

Artigo 14

Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, de raza, de sexo, de relixión, de opinión ou de calquera outra condición.


Artigo 17

Toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade. Ninguén pode ser privado da súa liberdade. [...]

Dos primeiros periódicos diarios á prensa dixital


Aínda que as primeiras publicacións periódicas naceron no século XVI, ligadas principalmente ao perfeccionamento da imprenta, eran simples follas en que se difundían noticias comerciais. Despois, apareceron as gacetas, de contido político e controladas polos monarcas. E, máis tarde, no século XVIII, creáronse os periódicos diarios, que se distribuían a través de pregoeiros e que se vendían de forma ambulante. En 1702 publicouse o primeiro periódico destas características, *The Daily Courant*. A este seguírono outros moitos, como *The Spectator* (1711), *Diario curioso, erudito e comercial* (1758), *The Morning Post* (1772), *Le Journal de Paris* (1777), *O censor* (1781), *The Times* (1785), *The Observer* (1791)... (27)

A prensa diaria desempeñou un papel decisivo na Ilustración, pois foi un vehículo de divulgación das novas ideas. Permitiu difundir e expresar opinións e noticias de todo tipo entre persoas que non compartían o mesmo espazo xeográfico. En parte, o crecemento do consumo de xornais naquel tempo foi consecuencia do incremento da alfabetización da sociedade europea ligada ás ideas ilustradas. Todo iso modificou os hábitos de lectura e deu orixe á opinión pública.



26. Primeiro periódico de publicación diaria en España.

O *Diario curioso, erudito y comercial* foi o primeiro periódico diario español. Fernando VI outorgoulle Real Privilexio. No seu interior estaban separadas as noticias das opinións e tratábanse contidos de moi diversa índole: noticias económicas, discursos morais, anuncios de vendas e alugamentos, ofertas de emprego... Foi o primeiro xornal que publicou cartas do público lector. (26)



27. Prensa nacida durante o século XVIII.

22 Compara a prensa no pasado e nos nosos días.

- Que función cumpría a prensa no século XVIII? É a mesma que na actualidade?
- Explica como contribuíu a prensa a divulgar as novas ideas que trouxo a Ilustración. Ten a mesma forza actualmente para difundir novas ideas?
- Fíxate nas fotografías. Como eran os xornais daquela? Parécese aos de hoxe en día?

23 Investiga se os xornais mencionados no texto seguen existindo na actualidade.

24 PONTE NO SEU LUGAR

- Pensas que no século XVIII a prensa era accesible para todas as persoas? Por que o cres?
- Les o periódico con frecuencia? Se vivises no século XVIII, lerías a prensa? Por que?
- A través de que medios accedes á información do que sucede no mundo?

25 A DEBATE. A prensa inclúe, exclúe e xerarquiza sucesos. Pensas que inflúe iso no pensamento colectivo?




RETO



No século XVIII, a Ilustración propiciou a continuidade da revolución científica que se iniciara no Renacemento. A ciencia comezou un proceso de divulgación que impulsou distintas institucións, como as sociedades científicas, as Academias de Ciencias, os planetarios...

Suxerímosvos dar a coñecer entre os estudantes do centro os avances científicos e técnicos producidos neste século a través dunha revista escolar, en papel ou dixital, de carácter divulgativo. Dese xeito contribuiredes á extensión do coñecemento e á educación científica, e poderedes tamén reflexionar acerca do papel da ciencia no desenvolvemento das sociedades.



PUNTO DE PARTIDA

1. Pensade se ides crear unha revista en papel ou dixital. Analizade as vantaxes e os inconvenientes en cada caso.
2. Repartide as tarefas no grupo. Por exemplo, podedes nomear:
 - Un comité científico, que decidirá os temas que se van tratar.
 - Un equipo de deseño gráfico, que se ocupará do aspecto da revista.
 - Un grupo de persoas que investigarán sobre biografías, inventos, sociedades científicas...
3. Elixide un título para a publicación.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

4. Buscade información sobre homes e mulleres que impulsaron o desenvolvemento científico no século XVIII ou sobre inventos dese século.

5. Pensade nas seccións que incluírá a revista:

- Biografías e inventos.
- Curiosidades da ciencia.
- Lugares de memoria científica...

6. Decidide o contido do primeiro número da publicación e organizade o traballo:

- Quen investiga.
- Quen escribe.
- Quen ilustra os textos...

7. Creade o primeiro número.

Alessandro Volta

Maria Sibylla Merian

Irmáns Montgolfier

Isaac Newton

Daniel Gabriel Fahrenheit

Caroline Herschel

Carlos Linneo

Benjamin Franklin

James Cook

Anders Celsius

Maria Gaetana Agnesi

PRESENTACIÓN DO RESULTADO

8. Presentade a vosa revista e explicádelle como é a toda a clase.
9. Valorade o que aprendestes no desenvolvemento do traballo, así como as dificultades ás que fixestes fronte.
10. Comentade en grupo os avances científicos do século XVIII que pensades que influíron máis na vida das persoas.